



# CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

## 5. Difusión do PD

# 1 Introducción

## 1.1 Datos básicos do centro

O CEP Plurilingüe Igrexa Valadares é un Centro de titularidade pública e, polo tanto, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade emprazado no camiño Caseiro s/n no barrio das Barrocas, parroquia de Santo André de Valadares, unha zona rural-urbana pertencente ao Concello de Vigo, provincia de Pontevedra. A súa localización xeoposicionada en Google está publicada na propia web do centro con URL <http://www.edu.xunta.gal/centros/cepigrexavaladares/> dentro do bloque "Centro" no elemento do menú "Localización".

Os datos de contacto son:

Dirección postal:

CEP PLURILINGÜE IGREXA VALADARES
Camiño Caseiro s/n
CP 36314
Valadares, Vigo - Pontevedra

Coordenadas: [42°10'26.9"N 8°43'30.1"W](#)

Correo electrónico: [ceip.igreja.valadares@edu.xunta.gal](mailto:ceip.igreja.valadares@edu.xunta.gal)

Teléfono: 886 11 11 35/36

Fax: 886 11 11 37

O Centro cumpre todo o marcado no Real Decreto 132/2010 polo que se establecen os requisitos dos centros que imparten as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.

Consta de 7 unidades, é polo tanto un centro dunha liña agás en 4º curso onde hai dúas. Está adscrito á EEI Plurilingüe Monte Alba e ao IES Valadares. No curso 2021- 2022, están matriculados 130 alumnos e alumnas de 6 a 12 anos, algún/algunas dos/as cales presentan necesidades educativas especiais (en adiante ANEAE). Conta cunha plantilla de 14 profesores dos cales 8 son definitivos e 6 provisionais. Entre os recursos persoais destacan: profesorado de

audición e linguaxe, pedagogía terapéutica, orientación, educación física, inglés, música e relixión. Ademais, nos últimos cursos ven contando con mestres/as vinculados aos programas ARCO e PROA +

Dispón de transporte e comedor escolar. Conta con ANPA que é a encargada de xestionar as actividades extraescolares e servizos tales como aula matinal ou servizo de gardería despois do comedor.

## 1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O plan dixital do CEP PLURILINGÜE IGREXA VALADARES é un instrumento de planificación integrado no Proxecto Educativo do centro. A finalidade deste plan é o desenvolvemento da competencia dixital, así como, integración das TIC como ferramenta didáctica nos procesos de ensino-aprendizaxe, entendido dende o obxectivo de acadar o desenvolvemento pleno e integral do alumnado.

A referencia fundamental para o seu desenvolvemento será o Marco Europeo para as Organizacións Educativas Dixitalmente competentes (DigComOrg), desenvolvido pola Centro Común de Investigación (JRC, Joint Research Centre) da Comisión Europea.

Este Plan está concebido como un documento vivo que contén os acordos acadados no centro con respecto aos obxectivos xerais, as estratexias de dinamización e xestión dos recursos tecnolóxicos e a inclusión das TIC nas diferentes concrecións curriculares. Supón un compromiso por parte de toda a comunidade educativa. Será un documento que nos guíe e dé coherencia no uso das novas tecnoloxías.

- **Características socioeconómicas e culturais do contexto.**

O 99 % dos alumnos do Centro naceron en Vigo e residen nos diferentes barrios que configuran a parroquia. O nivel socioeconómico da zona é medio alto. Destaca a alta participación das familias nas actividades que desenvolve o centro.

Os movementos culturais e asociativos da zona están enmarcados dentro do Centro Cultural e Veciñal de Valadares que con un amplo poder asociativo, representa a case totalidade dos veciños e abarca a todas as asociacións que hai no pobo (montes,

veciños, caza, ...) Así mesmo, ofrece un amplo abano de actividades que dan cabida á maioría das inquiredanzas dos habitantes da zona. Conta cunha biblioteca que permanece aberta ao público fóra do horario escolar, clases de idioma, escola da banda de música, varias escolas deportivas, etc. No barrio de Freixo, tamén existe un movemento asociativo que se arraigou máis cos recentes problemas medio-ambientais da zona. Conta tamén cunha biblioteca en organiza diferentes actividades. O centro colabora estreitamente con estas entidades, así como con outros centros educativos da zona.

- **Incardinación e contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo e Programación Xeral Anual. Relación con outros Plans e proxectos do centro:**

A Lei Orgánica, do 3 de maio, de Educación, establece que o Proxecto Educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro. Ademais, os equipos directivos promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe.

Por outro lado, o currículo de educación primaria introduce un novo marco legal que concede un carácter preceptivo ao uso das TICS.

Hai que dicir, que a competencia no tratamento da información e competencia dixital consiste esencialmente en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformarlala en coñecemento. Por tanto, o dominio e a alfabetización TIC debe converterse nunha técnica instrumental imprescindible, motivo polo cal, o Plan Dixital do Centro está vinculado estreitamente co ideario de centro recollido no Proxecto Educativo e na Programación Xeral Anual. Dende ambos documentos contribúese ao desenvolvemento dos seguintes plans e proxectos:

- o Proxecto Lector do centro.
- o Plan de dinamización da Lingua Galega.
- o Plan de Atención á diversidade.
- o Plan de Convivencia
- o Programas de innovación educativa: PLAMBE, ARCO e PROA +

A natureza complexa e globalizadora da competencia dixital contribúe ao desenvolvemento do resto das competencias clave, especialmente a competencia en comunicación lingüística, a competencia social e cidadá e a competencia para aprender a aprender.

Todo isto, esixe transformacións que afectan á globalidade do proceso educativo nos seus aspectos metodolóxicos, organizativos, de xestión e curriculares.

Neste momentos, o profesorado involucrado na formación e actualización constante como instrumento para ofrecer un ensino público de calidade, está inmerso tamén en diferentes plans e proxectos:

- o Educación Responsable,
- o robótica educativa,
- o aulas virtuais,
- o edixgal
- o eduemprende
- o radio escolar,
- o aula creativa,
- o Digicraft e
- o varios proxectos dentro de Contratos Programa (Mediación, Inclúe-t, Iguala-t...) e Plan Proxecta (Coñecendo o Norte,...).
- o Así mesmo, preocupados pola convivencia do centro dende unha perspectiva de educación responsable e conscente, o bo trato, o respecto a diversidade sexual así como a igualdade de dereitos entre mulleres e homes identificando condutas non adecuadas para modificar e poder transformar a sociedade, participamos de numerosos programas tales como: Plan Director, PDLA do Concello de Vigo, entre outros.

o Outros proxectos de centro vinculados ás actividades complementarias relacionadas coas conmemoracións escolares: Samaín, Magosto, Día internacional contra a violencia de xénero, Nadal, Día da Paz, Entroido, Semana da Prensa, Día da Muller Traballadora, Día do libro, Semana das Letras Galegas, etc.

Despois destas reflexión e, precisamente pola trascendencia global das novas tecnoloxías é polo que o Plan Dixital debe incluírse na Programación Xeral como documento de referencia que recolla e regule todos os aspectos concernientes á transformación dixital do centro.

### 1.3 Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital, enmárcase dentro do actual marco normativo vixente. Seguindo unha orde de maior a menor rango, estaría rexidos polas seguintes leis:

- A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro pola que se modifica a Lei 2/2006, de 3 de maio, de Educación especifica que se debe promover o uso das TIC como medio didáctico tratando de contribuír a minimizar os efectos da fenda dixital por xénero ou outros aspectos socioculturais. (art. 111 bis).

Tamén incide en fomentar a confianza e a seguridade no uso das tecnoloxías, prestando especial atención ás situación de violencia na rede e observando o respecto á normativa reguladora da información dixital e os dereitos de propiedade intelectual ademáis de concienciar sobre o respecto dos dereitos de terceiros.

O acceso ás novas tecnoloxías basearase nos principios de non discriminación impulsando un compromiso educativo entre familias e centro e neste contexto, deben atender á diversidade propoñeno modelos de programación e materiais accesibles (art. 121).

Para estes fins, a dirección do centro dirixirá, promoverá e coordinará a innovación educativa (art. 132).

Neste marco legislativo nacional, a Comunidade Autónoma de Galicia publicou a Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas da EI, EP, ESO e bacharelao no curso académico 2021-22. Nesta normativa autonómica se regula a elaboración por parte dos centros docentes durante o curso 2021-22 do Plan Dixital (Disposición adicional quinta)..

- Por último, a Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-22 establece que a coordinación do plan dixital, será realizado polo equipo de dinamización do Plan Dixital formado pola persoa directora do centro e outra persoa do claustro, que no caso do noso centro será a persoa coordinador do equipo TIC.

## 1.4 Proceso de elaboración

Seguindo as instrucións da resolución do 3 de setembro de 2021 o proceso de elaboración do plan dixital levado a cabo polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital seguiu as seguintes fases:

### 1ª FASE: ANÁLISE DA SITUACIÓN

- **Análise da competencia dixital do centro** (alumnado, profesorado e membros do equipo directivo) empregando a ferramenta **SELFIE**, ferramenta desenvolvida pola Comisión Europea e que permite obter en liña un informe de autoavaliación do centro (informe Selfie).

[https://ec.europa.eu/education/schools-go-digital/how-selfie-works\\_es](https://ec.europa.eu/education/schools-go-digital/how-selfie-works_es)

Esta análise realizouse tamén a través do **Test de Competencia Dixital Docente**. Este test permite obter un Informe individual coa valoración global do seu nivel competencial (A1-C-2) que será representativo sempre que sexa realizada por máis do 20 % do profesorado do Centro.



- **Análise dos recursos** a través do cuestionario enviado ás familias a inicio de curso.
- **Análise da infraestrutura, recursos e estado do centro** a través do estudo realizado para a solicitude do Proxecto E-dixgal iniciado no curso 2021-22 e DRD (Documento de recollida de datos a nivel xeral do Centro escolar)
- **Análise da situación actual** consultando programas e experiencias que se están desenvolvendo a nivel autonómico e nacional.

## 2ª FASE: DIAGNOSE DA SITUACIÓN DO CENTRO

- O Equipo de Dinamización do plan dixital elabora o informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (en adiante DAFO).

## 3ª FASE: ELABORACIÓN DO PLAN DIXITAL

- O Equipo de Dinamización do plan dixital diseña o plan de acción.

## 2 Situación de partida

### 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### 2.1.1 Infraestruturas.

Espazos administrativos con conexión 3

Aulas con conexión a internet 12

Aulas de informática 1

Número de ordenadores de sobremesa 21

Número de aulas con ordenadores e proxector 11

Número de ordenadores para o uso do persoal docente\_ sala de profesores

2\_Departamento de Orientación 1

Número de ordenadores portátiles 9 (Plan educa dixital), 4 (doados polo Concello), 30 (Plan E-dixgal), 5 (dotación da Consellería)

Número de aulas con dotación de sistemas interactivos\_ aulas dixitais 6

Número de aulas con Proxecto de educación dixital E-Dixgal\_1 aula en 5º EP

Número de proxectores 15

Número de escáner 3

Número de fotocopiadoras para labores administrativas e docentes 3

Número de puntos de acceso WIFI incluído o router WIFI 5

- Infraestrutura de datos (Conectividade a internet)

Tipo de conexión á rede: cable e WIFI

- Infraestrutura de voz (Telefonía)

Contamos con tres líneas de teléfono : fixa, inalámbrica e fax.

A conectividade á rede é efectiva e eficaz; cunha conexión de datos con velocidade nominal mínima de baixada de 100 Mbps como mínimo e subida entorno a 50Mbps

Datos de rede aportados pola UAC: Cable\_200m\_25m

O tipo de conexión tal e como está reflectido no Drd é Radio enlace cun ancho de banda de 500MB (descoñecemos a actualización deste dato)

Así mesmo o centro dispón dun número considerable de amplificadores de rede WIFI en diferentes estancias que melloran a conectividade dos equipos conectados a mesma.

## 2.1.2 Equipamento.

AULA	ORDENADOR SOBREMESA	ORDENADOR PORTÁTIL	TABLETA	PDI	PROXECTOR	OUTROS
<b>BIBLIOTECA</b>	1+3	1			1	- Libros-e → 6 - Impresora → 1 - Moble cargador (16 Portos) → 1 - Escornabor → 1 - Globo terráqueo multimedia → 1
<b>1ºA EP</b>	1	3		1	1	
<b>2ºA EP</b>		1		1	1	
<b>3ºA EP</b>	1			1	1	
<b>3ºB EP</b>	1	2		1	1	
<b>4ºA EP</b>		2+1			1	

5ª EP		1+1		1+1	1+1	
5º EP (edixgal)		25+				Armario cargador
6ª EP	1				1	
TICs	11+3+1			1	1	
Orientación	1		2			Impresora → 1
Música		1		1	1	
Inglés	1	1			1	
Plástica						
Relixión	1			1	1	
AL	1					
PT	1					Impresora → 1
Sala de profesores	2					Fotocopiadora → 1 Fotocopiadora → 1
Secretaría	1					Fotocopiadora → 1
Dirección	1					DVD → 2 Amplificador → 1
Xefatura de estudos	1					
Salón de actos		1			1	Amplificador → 1 Amplificador → 1
Ximnasio					1	Mesa de mezclas → 1
Búnker	7	3				Impresora → 6

- Aula TIC: 17 Ordenadores de mesa, 6 auriculares, Impresora 3D, PDI, proxector, 7 robots mBot, 3 robots Q-scout e 2 bee bots.
- Aulas: 10 aulas con ordenador para o profesorado e dous para o alumnado, proxector, 6 aulas con PDI, e unha con armario de almacenamento e carga.
- Tabletas: 12 tabletas en préstamo pertencentes o proxecto DigiCraft e 10 tablets dotación do centro.
- Equipo de orientación tres ordenadores, dúas tablets e dúas impresoras
- Aula de Inglés :1 ordenador de sobremesa e outro portátil, Proxector e PDI, 2 Auriculares
- Aula de Música: 1 ordenador portátil, proxector e PDI
- Biblioteca : 3 Ordenadores para o alumnado e un para o profesorado, unha impresora láser con scáner, 5 Tablets, 1 armario de almacenamento e carga, 6 Libros electrónicos, 3 Auriculares e un scornabot.
- Sala de profesores\_ 2 ordenadores, 2 webcam e dúas fotocopiadoras para uso do profesorado.

- Despachos equipo directivo, contamos tres ordenadores de sobremesa para funcións administrativas
- Salón de actos: Proxector e ordenador portátil
  - Radio escolar: Ordenador de sobremesa, equipo de son e 5 Auriculares
  - Comedor: un televisor, equipo de son e ordenador portátil

### 2.1.3 Servizos dixitais educativos:

#### Corporativos:

- Aula virtual. Con cursos de formación en activo para os docentes, videotitoriais para as familias e cursos en funcionamento para todo o alumnado do centro
- Páxina web. Con bloques para aulas, departamentos e servizos complementarios. Dispón de información para toda a comunidade educativa.
- Edixgal. O alumnado de 5º curso desenvolve a súa aprendizaxe nun entorno virtual. Os alumnos poderán acceder ao material a través dunha conexión a internet (modo online) sempre que se faga uso das claves de acceso que lle serán entregadas no centro, como dende o seu netbook (modo offline)
- Actividades formativas STEM: Proyecto Digicrat (realidade aumentada, intelixencia artificial e, Robótica Educativa (linguaxe de programación visual-Scrach).
- Ferramentas dixitais para a creación de actividades: Wordwall, Genially...
- Abalarmóbil para a comunicación coas familias.

#### Non Corporativos:

- Contas google do centro, do equipo Tic e do equipo de biblioteca para o deseño e creación de actividades: Wordwall, Geneally, etc.

*Todos os servizos dixitais educativos tanto corporativos como non corporativos deberán ser explicitados no Plan Dixital. Á hora de empregar estes recursos terase en conta o cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPD-GDD9 e as implicacións que esta lei ten nos centros educativos.*

## 2.1.4 Xestión de mantemento do equipamento:

O centro conta cun plan de atención a incidencias de carácter técnico, ademáis dun plan de mantemento e sostenibilidade, co fin de garantir uns recursos tecnolóxicos operativos e actualizados.

- Para calquera incidencia relativa ao mantemento dos equipos, actuación ou solicitude de material, dirixímonos ao servizo de atención a centros da Consellería de Educación a través do correo electrónico: [uac@edu.xunta.gal](mailto:uac@edu.xunta.gal) ou a través do teléfono: 881 99 77 01.
- No caso de proxectos corporativos estas medidas serán asumidas pola administración.
- Especialmente no caso de conexións cableadas e electrónica de rede, a administración valorará a necesidade da realización das ampliacións solicitadas e, de ser o caso, establecerá as condicións de instalación. Estas condicións deberán ser asumidas polo centro como promotor da iniciativa, tendo en conta as indicacións e configuración técnicas indicadas por ANTEGA segundo o Decreto 11/2016, de 28 de xaneiro, polo que se regula a incorporación das infraestruturas de telecomunicacións na Administración de Galicia.
- O servizo non corporativo que facilita a xestión de infraestrutura é a empresa de informática, R.D.S.I
- O coordinador Tic encárgase do mantemento dos equipos, así como, conxuntamente co equipo directivo do mantemento da web e comunicación do centro.
- A coordinadora E-Dixgal encárgase de dirixir e coordinar o equipamento E-Dixgal, así como de asesorar ás familias sobre o protocolo para resolver problemas técnicos. Colabora igualmente no mantemento da páxina web e aula virtual.
- O Equipo directivo encárgase de facilitar o acceso ao uso da tecnoloxía a través de dispositivos en préstamo, Plan EducaDixital. Así como, da retirada dos dispositivos obsoletos de forma segura e respetuosa co medio ambiente.
- Equipo de apoio dixital aos centros (ADIX) dentro da Rede Galega de Educación Dixital (DixitalGal) (Resolución 7 de setembro de 2021), coordina dende a Administración a elaboración do Plan Dixital de centro.

- Asesoría abalar de zona, asesora sobre calquera actuación ou medida relacionada co equipamento, servizos dixitais, infraestrutura, etc.

### 2.1.5 Protocolos relacionados coas TIC:

- Plan de continxencia, onde se recollen as actuacións pra o período de actividade lectiva non presencial:

[http://www.edu.xunta.gal/centros/cepigrexavaladares/system/files/PLAN%20DE%20CONTINXENCIA\\_Setembro%2021.pdf](http://www.edu.xunta.gal/centros/cepigrexavaladares/system/files/PLAN%20DE%20CONTINXENCIA_Setembro%2021.pdf)

- Plan de comunicación, onde se regula o procedemento para a comunicación tanto interna como externa no centro.

[http://www.edu.xunta.gal/centros/cepigrexavaladares/system/files/PLAN%20DE%20COMUNICACI%C3%93N%20\\_IGREXA%20VALADARES\\_ aprobado.pdf](http://www.edu.xunta.gal/centros/cepigrexavaladares/system/files/PLAN%20DE%20COMUNICACI%C3%93N%20_IGREXA%20VALADARES_ aprobado.pdf)

- Plan de integración das TIC, documento que serve de referencia para a organización das actividades relacionadas coas TIC.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/cepigrexavaladares/system/files/PLAN%20DE%20INTRODUCCI%C3%93N%20DAS%20TICs.pdf>

## 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Para elaborar a análise DAFO realizouse unha análise cuantitativa baseada nos resultados numéricos derivados do informe extraído do test SELFIE.

Observando o resumo das áreas, os distintos sectores da comunidade escolar que realizaron o test obtiveron os resultados que se reflicten na seguinte táboa.

- **Resumo das áreas do informe SELFIE**

AREAS	GRUPOS	E. Primaria
A -Liderado	Equipo	2,8
	Direct.	
	Profesorado	3,1
	Alumnado	-
B- Colaboración e	Equipo	2,7

<b>redes</b>	Direct.	
	Profesorado	2,4
	Alumnado	3,5
<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	2,9
	Alumnado	3,9
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	3,2
	Profesorado	3,1
	Alumnado	-
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3,5
	Alumnado	-
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	2,9
	Profesorado	3,1
	Alumnado	3,7
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	2,6
	Profesorado	2,6
	Alumnado	-
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	3,2
	Profesorado	2,8
	Alumnado	3,9

**Taboa 1. Puntuación obtida por cada sector da comunidade escolar nas diversas áreas SELFIE.**

- **Test CDD**

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	7	8	87,5 %
PROVISIONAL	2	3	66,7 %
INTERINO	2	2	100 %
SUBSTITUTO	-	-	-
DESPRAZADO	-	-	-

**Táboa 2. Participación no Test CDD segundo o perfil do profesorado**

Puntuación media	Nivel de	Puntuación media	Nivel de
------------------	----------	------------------	----------

do test (sobre 192)	competencia	do test en Galicia (sobre 192)	competencia en Galicia
95,7 %	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

**Taboa 3. Datos do Test CDD sobre puntuación e nivel de competencia do centro.**

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
EP	95,2	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

**Taboa 4. Datos do Test CDD sobre puntuación e nivel de competencia por etapas.**

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
Explorador/a A2	3	27,3 %
Integrador/a B1	2	18,2 %
Experto/a B2	4	36,4 %
Líder C1	1	9,1 %
Líder C2	1	9,1 %
TOTAL	11	100,1 %

**Taboa 5. Datos do Test CDD sobre distribución do profesorado por niveis.**

- 

## 2.3 Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, Test CDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da súa realidade no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e acción a desenvolver.

Para elo, levouse a cabo unha parametrización partindo da media obtida en cada área e, observando a desviación obtida en cada ítem con respecto á puntuación de referencia. Clasificáronse os aspectos internos dos diferentes ítems como fortalezas ou debilidades, e os aspectos externos como oportunidades ou ameazas.



INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>C1.No noso centro a infraestrutura dixital apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>C2.No noso centro existen dispositivos dixitais para o seu uso na docencia.</p> <p>C5.A asistencia técnica está disponible no noso centro cando xurdan problemas coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>C8.No noso centro existen dispositivos dixitais que son propios ou xestionados polo centro e que o alumnado pode utilizar cando os precise.</p>	<p>C10.No noso centro, hai dispositivos portátiles propios e xestionados pola escola que os alumnos poden levar a casa cando o precisen.</p> <p>C14.No noso centro, os espazos físicos facilitan o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>C15.No noso centro o alumnado con necesidades educativas especiais ten acceso ás tecnoloxías de apoio.</p> <p>C16.No noso centro existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe.</p> <p>C7.No noso centro existen sistemas de protección de datos</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>A3.Apoiamos aos profesores a explorar novas formas de ensinar coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>B2.No noso centro comentamos as vantaxes e inconvenientes de ensinar e aprender coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>D2.O noso profesorado ten acceso a posibilidades de CPD en relación co ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>D3.Axudamos ao noso profesorado a intercambiar</p>	<p>A4. No noso centro os profesores teñen tempo para explorar como mellorar o seu método de ensino coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>B1.No noso centro avaliamos o noso progreso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>G3.Os nosos profesores empregan tecnoloxías dixitais para proporcionar unha retroalimentación adecuada aos estudantes.</p>

	<p>experiencias dentro da comunidade educativa sobre o ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>E1.Os nosos profesores buscan recursos educativos dixitais na rede.</p> <p>E3.Os nosos profesores utilizan entornos virtuais de aprendizaxe cos alumnos.</p> <p>E4.O noso profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para a comunicación relacionada co centro educativo.</p> <p>E5.Os nosos profesores utilizan recursos educativos abertos.</p> <p>F1.Os nosos profesores utilizan as tecnoloxías dixitais para adaptar o seu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado.</p>	<p>G5.Os nosos profesores utilizan as tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe.</p> <p>G6.O noso profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para que os seus alumnos poidan facer observacións construtivas sobre o traballo dos seus compañeiros.</p> <p>E2.Os nosos profesores crean recursos dixitais para reforzar o seu labor docente.</p>
<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>	-----	-----
<b>ALUMNADO</b>	<p>H1.No noso centro o alumnado aprende a actuar con seguridade en internet.</p> <p>H2.No noso centro o alumnado aprende a actuar de forma responsable en internet.</p> <p>H4.No noso centro o alumnado aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa.</p> <p>H8.No noso centro o alumndo aprende a comunicarse mediante as tecnoloxías dixitais.</p> <p>H10.Asegurámonos de que os estudantes desenvolvan habilidades dixitais para as diferentes materias.</p>	<p>C13.No noso centro o alumnado pode levar os seus propios dispositivos portátiles e utilízalos durante as clases.</p> <p>H7.No noso centro o alumnado aprende a crear contidos dixitais.</p>
<b>FAMILIAS</b>		
<b>OFERTA</b>		
<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	A2.Desenvolvemos a estratexia	A1.No noso centro temos una estratexias dixital.

		dixital do noso centro en colaboración co profesorado.	G8. Os nosos profesores facilitan aos estudantes o uso das tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe.
--	--	--	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Posibilidade de participar no Plan dixital. Posibilidades de mellorar a nosa formación a través do PFPP.	A5.No noso centro respectamos os dereitos de autor e utilizamos licenzas cando utilizamos as tecnoloxías dixitais para o ensino e a aprendizaxe.
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA	H11.No noso centro o alumnado aprende a codificar ou programar	
	OUTRAS ENTIDADES		B3.No noso centro utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras organizacións. B4.No noso centro colaboramos con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais.

### 3 Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción ten en conta os recursos materiais e humanos dispoñibles no momento de elaboración do presente Plan Dixital.

O Plan de Acción que se expón a continuación supón unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles na actualidade tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

### 3.1 Obxectivos, indicadores e acción

A partires dos resultados do DAFO e coa axuda da nosa asesora, o equipo de dinamización do plan dixital, despois de analizalos, debatilos e poñer en común os distintos puntos de vista, dicitu priorizar as necesidades detectadas nas diversas áreas do marco europeo para educativas dixitalmente competentes (en adiante DigCompOrg) e diagnosticou os diversos *items* a mellorar situándoos por orde de prelación do seguinte xeito:

Nº	ÁREAS SELFIE	PRIORIZACIÓN ÁREAS
	A. LIDERADO E GOBERNANZA	3
	B. COLABORACIÓN E REDES	4
	C. INFRAESTRUTURA E EQUIPOS	1
	D. DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO	---
	E. PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS	6
	F. PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA	---
	G. PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN	2
	H. COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO	5

Nº	ÍTEMS	ÁREAS
1	C16.No noso centro existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe	C
2	B1.No noso centro avaliamos o noso progreso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais	B
3	H7.No noso centro o alumnado aprende a crear contidos dixitais.	H

A partires de esta reflexión se redactaron os seguintes obxectivos específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal, é dicir, temporizados (en adiante obxectivos SMART) prioritarios:

1. Crear un repositorio en liña con materiais dixitais na AV para mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado.
2. Empregar os libros de cualificación en contornas Moodle para avaliar o noso progreso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais.
3. Proporcionar ferramentas e estratexias ao alumnado de EP para crear contidos dixitais

Nas taboas seguintes aparecen secuenciadas e temporizadas as accións para acadar cada obxectivo, os valores de partida e o valor previsto a acadar no tempo marcado. Ademais tamén se especifican os responsables das mesmas e a previsión de recursos necesarios.

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

**"Área/s de mellora": C. Infraestructuras e equipos \_C16. No noso centro non existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materias de ensino e aprendizaxe,**

<b>OBXECTIVO 1 (1):</b>	Crear un repositorio en liña con materiais dixitais na AV para mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado.			Acadado		
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefatura de estudos			Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de materiais creados					
<b>Valor de partida (3)</b>	0					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	1 por nivel e materia cada mes			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Crear un curso na AV para gardar os materiais dixitais.	Coordinador TIC	30/09/2022	Ordenador, conexión a internet e aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Facer unha reunión informativa para comunicar a existencia do curso	Equipo directivo	04/10/2022	Convocatoria de Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Crear un grupo de traballo de formación interna para ampliar competencias no uso da AV.	Coordinador TIC	21/12/2022	Ordenadores, conexión a internet e a aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Subir os materiais	Claustro	30/06/2023	Ordenadores, conexión a		Realizada	

á aula virtual no seu espazo correspondente			internet e aula virtual		Aprazada	
					Pendente	
A01.5:Compartir os materiais co alumnado e profesorado	Coordinador TIC	30/06/2023	Ordenadores, conexión a internet e aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

#### "Área/s de mellora": B. Colaboración e redes\_B1.No noso centro non avaliamos o noso progreso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais.

OBXECTIVO 1 (1):	Empregar os libros de cualificación en contornas Moodle para avaliar o noso progreso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais.			Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de Estudos			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de profesorado que utiliza o libro de cualificacións para avaliar				
Valor de partida (3)	Non aplica (sen datos previos)				
Valor previsto e data (4)	33% de profesorado que utiliza o libro de cualificacións para avaliar.	30/06/2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
A02.1:Formar en avaliación e emprego do libro de cualificacións en cursos Moodle a través dun PFPP	Dirección	30/09/2022	Convocatoria do PFPP		Realizada
					Aprazada
					Pendente
					Realizada

<b>A02.2: Crear categorías e subcategorías para a xestión das cualificacións.</b>	Profesorado das diferentes materias	22/12/2022	Aula virtual do centro. Cursos de cada materia participante e criterios de cualificación destas.		Aprazada	
					Pendente	
<b>A02.3: Incluir tarefas e probas nas categorías e subcategorías do libro de cualificacións.</b>	Profesorado das diferentes materias	22/12/2022	Aula virtual do centro. Actividades das materias.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A02.4: Cualificar tarefas e probas nas categorías do libro de cualificacións.</b>	Profesorado das diferentes materias	30/06/2023	Aula virtual do centro e actividades creadas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>"Área/s de mellora": H. Competencia dixital do alumnado_H7. No noso centro o alumnado non aprende a crear contidos dixitais</b>						
<b>OBXECTIVO 1 (1):</b>	Proporcionar ferramentas e estratexias ao alumnado de EP para crear contidos dixitais				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Persoas titoras de cada grupo				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de sesións lectivas semanais adicadas en cada curso					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 sesións semanas en cada curso					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	1 sesión semanal en cada curso			30/06/2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	



AO 3.1: Crear un grupo de traballo para temporalizar os contidos ao longo da EP.	Dirección	30/09/2022	Convocatoria de Claustro	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO 3.2: Temporalización dos contidos ao longo da EP por parte do grupo de traballo	Coordinador TIC	22/12/2022	Reunións semanais	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO 3.3: Facer unha reunión informativa para comunicar os contidos a traballar en cada nivel.	Dirección	10/01/2023	Convocatoria de Claustro	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO 3.4: Profesorado de nivel	Profesorado das diferentes materias	31/03/2023	Reunións semanais	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO 3.5: Implementar unha sesión no horario escolar para traballar a creación de contidos dixitais.	Persoa titora de cada grupo	30/06/23	Contios creados	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

*Axuda para completar as táboas:*

(1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

- a. **Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- b. **Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;

- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

#### ACCIONES A DESARROLLAR:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

### 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A continuación inclúese **unha táboa** na que se especifican as necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas necesarias para o logro e consecución dos obxectivos marcados polo centro no plan dixital.

Para a clasificación por categorías e tipo tomáronse como referencia as indicacións establecidas no documento proporcionado por Servizos Centrais a través do taboleiro de anuncios da Aula Virtual do equipo ADIX Vigo 1 coas recomendacións de AMTEGA para a elaboración do Plan Dixital.

1. Necesidades de equipamento e infraestruturas tecnolóxicas			
Tipo	Categoría		Contribución á consecución dos obxectivos
<b>Infraestrutura dixital</b>			
<b>Infraestrutura de datos.</b>	Mantemento e mellora que permita a suficiente calidade na velocidade e estabilidade das conexións de datos no centro. Mantemento dos dispositivos dixitais de acceso á rede.		1, 2 e 3
<b>Conexións cableadas</b>	Mantemento e mellora que permita a suficiente calidade na velocidade e estabilidade das conexións de datos no centro.		1, 2 e 3
<b>2. Equipamento</b>			
<b>Aula dixitalizada</b>	Un aula dixitalizada con conectividade e posibilidade de visualización e interacción		3
<b>Uso na biblioteca</b>	3 Ordenadores de sobremesa para consulta do alumnado	<b>Necesidade:</b> Temos 3 ordenadores obsoletos de 2008	<b>Finalidade:</b> Actualización equipos informáticos.
<b>Equipos para uso na sala de profesorado</b>	2 Ordenadores de sobremesa para traballo profesorado.	<b>Necesidade:</b> Temos 2 ordenadores mercados polo centro.	<b>Finalidade:</b> Ampliación dos equipos existentes. Creación de materiais didácticos interactivos de Realidade Aumentada

1. Necesidades de equipamento e infraestruturas tecnolóxicas				
Tipo	Categoría			Contribución á consecución dos obxectivos
			ou creación de repositorios por parte do profesorado.	
<b>Equipos para necesidades específicas dos proxectos deseñados para o Plan Polos Creativos.</b>	<b>Mobiliario:</b> 4 mesas abatibles e portátiles, cadeiras lixeiras e apilables de fácil limpeza, 4 mesas poligonais e para traballo en grupo, 17 tallos, 8 cadeiras con rodas, 2 encerados brancos, 4 andeis e 2 armarios metálicos, 2 armarios con portas e caixóns, 5 asentos modulares e 5 de colchoneta.	<b>Necesidade:</b> Inexistencia de mobiliario acorde á nova arquitectura pedagóxica.	<b>Finalidade:</b> Crear a aula do futuro, para traballos por proxectos con diferentes metodoloxías.	3
	<b>Audiovisual:</b> 1 Cámara de fotografía e vídeo con trípode e sistema de estabilización de imaxe (gimbals); 2 micrófonos inalámbricos de petaca; 1 Sistema de altofalantes 3.1; 4 auriculares de diadema; 5 soportes para tablets, 1 teleprompter con mando a distancia, 1 croma, 2 gafas de Realidade	<b>Necesidade:</b> Material inexistente ou deteriorado.	<b>Finalidade:</b> Desenvolver a linguaxe audiovisual	

1. Necesidades de equipamento e infraestruturas tecnolóxicas				
Categoría				Contribución á consecución dos obxectivos
<i>Tipo</i>				
	Aumentada.			
	<b>Informática:</b> 4 ordenadores portátiles que contengan con tarxetas de audio e vídeo que soporten software de gravación e edición de imaxe e son, 5 tablets, 1 taboleiro interactivo, 1 impresora multifunción e 1 escáner 3D.	<b>Necesidade:</b> Material inexistente ou deteriorado.	<b>Finalidade:</b> Permitir o acceso ás novas tecnoloxías da información e comunicación e facilitar a elaboración de contidos dixitais	
Servizos dixitais educativos				
<b>Non corporativos.</b>	Canles de publicación de podcast ou canles de publicación de vídeo.	<b>Necesidade:</b> Precisamos publicar facilmente os podcats e vídeos realizados.	<b>Finalidade:</b> Empregar o tempo ergonomicamente.	2 e 3

### Avaliación do plan

O procedemento de seguemento do desenvolvemento do plan dixital e da consecución dos obxectivos levarase a cabo tendo como referente os valores previstos para os indicadores dos obxectivos establecidos.

Avaliarase tanto o proceso, como a consecución do obxectivo ao final do propio proceso. Polo tanto estableceranse **dous tipos de avaliación:**

- **Avaliación procesual.**- realizarase ao final de cada trimestre e incluírán o estado da execución das accións, a análise e a valoración dos resultados. De ser o caso, tamén as posibles modificacións das accións (e os motivos) e as propostas de mellora.
- **Avaliación final.**- realizarase a final de curso e incluírá a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

Con esta finalidade achéganse as seguintes táboas:

- Escala de Likert en 4 niveis para a avaliación procesual.
- 
- Táboa tricotómica para avaliación final.

AVALIACIÓN PROCESUAL					
Accións	Levou se a cabo con éxito.	Levou se a cabo con éxito modificando a planificación inicial.	Levou se a cabo sen éxito	Non se levou a cabo	Observacións (modificacións e motivos das mesmas ou propostas de mellora)
<b>1º TRIMESTRE</b>					
AO1.1: Crear un curso na AV para gardar os materiais dixitais.					
AO1.2: Facer unha reunión informativa para comunicar a existencia do curso					
AO1.3: Crear un grupo de traballo de formación interna para ampliar competencias no uso da AV					
AO2.1: Formar en avaliación e emprego do libro de cualificacións en cursos Moodle a través dun PFPP					
AO2.2: Crear categorías e subcategorías para a xestión das cualificacións.					

## AVALIACIÓN PROCESUAL

Accións	Levou se a cabo con éxito.	Levou se a cabo con éxito modificando a planificación inicial.	Levou se a cabo sen éxito	Non se levou a cabo	Observacións (modificacións e motivos das mesmas ou propostas de mellora)
A02.3: Incluir tarefas e probas nas categorías e subcategorías do libro de cualificacións.					
A03.1: Crear un grupo de traballo para temporalizar os contidos dixitais ao longo da EP.					
A03.2: Temporalización dos contidos dixitais ao longo da EP por parte do grupo de traballo.					
<b>2º e 3º TRIMESTRE</b>					
A01.4: Subir os materiais á aula virtual no seu espazo correspondente.					
A01.5: Compartir os materiais co alumnado e profesorado					
A02.4: Cualificar tarefas e probas nas categorías do libro de cualificacións.					
A03.3: Facer unha reunión informativa para comunicar os					

### AVALIACIÓN PROCESUAL

Accións	Levou se a cabo con éxito.	Levou se a cabo con éxito modificando a planificación inicial.	Levou se a cabo sen éxito	Non se levou a cabo	Observacións (modificacións e motivos das mesmas ou propostas de mellora)
contidos a traballar en cada nivel.					
AO 3.4: Profesorado de nivel					
AO 3.5: Implementar unha sesión no horario escolar para traballsr a creación de contidos dixitais.					

### AVALIACIÓN FINAL

Valor previsto	Realizado	Aprazado	Pendente	Observacións
1.Crear un repositorio e liña con materiais dixitais na aula virtual para mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado.				
2.Empregar os libros de cualificación en contornas Moodle para avaliar o noso progreso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais.				



## AVALIACIÓN FINAL

Valor previsto	Realizado	Aprazado	Pendente	Observacións
3. Proporcionar ferramentas e estratexias ao alumnado e EP para crear contidos dixitais.				

## 4 Difusión do plan

A este plan dixital daráselle publicidade e difusión entre toda a comunidade educativa por medio da súa publicación na páxina web do centro dentro do bloque "O centro" no elemento do menú "Documentos". na seguinte URL:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/cepigrexavaladares/>